



# DESCOÑECIDOS

DAVID LOZANO



**rodeira**

**periscopio**

# **DESCOÑECIDOS**

**PREMIO EDEBÉ  
DE LITERATURA  
XUVENIL**



DAVID LOZANO

# DESCOÑECIDOS

PREMIO EDEBÉ  
DE LITERATURA  
XUVENIL



**rodeira**

Obra gañadora do Premio EDEBÉ de Literatura Xuvenil segundo a resolución do Xurado formado por: Sr. Xavier Brines, Sra. Paula Jarrin, Sra. Rosa Navarro Durán, Sr. Robert Saladrigas e Sra. Care Santos.

Título orixinal: *Desconocidos*

© David Lozano, 2018

© Tradución: Belén Rodríguez Suárez

© Ed. Gal.: Rodeira, 2018

Rúa Rafael Alberti, n.º 11, baixo

15008 A Coruña

www.edebe.net

Atención ao cliente: 902 44 44 41

contacta@edebe.net

*Directora de Publicacións:* Reina Duarte

*Editora de Literatura Xuvenil:* Elena Valencia

*Deseño da colección:* Book & Look

*Fotografía de cuberta:* Shutterstock

*Fotografía do autor:* Fernando Sánchez

1.ª edición, marzo 2018

ISBN: 978-84-8349-545-2

Depósito legal: B. 2615-2018

Impreso en España

Printed in Spain

EGS – Rosario 2 – Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei. Dirixíxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se precisa fotocopiar ou dixitalizar algún fragmento desta obra ([www.conlicencia.com](http://www.conlicencia.com); 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

*Ao meu pai, gran piloto que xa  
emprende o seu último voo.*



*«En mitad de la plaza hay alguien que se vuelve  
y levanta los ojos  
para buscar la luz en mi ventana,  
el faro de la noche y sus fantasmas».*

Luis García Montero, *El lector*





*McDonald's de Sants, estación de tren  
de Barcelona. 30 de xuño, 20:20 h*

«Estraños», pensa Lara mentres repasa o seu reflexo na pantalla do móbil. «Somos dous estraños».

Dous descoñecidos que, con todo, acordaron encontrarse esa noite nun escenario tan pouco suxestivo coma o McDonalds da estación de Sants.

Terra de ninguén, porque ninguén permanece nas estacións. Son encrucilladas de camiños, tal como lle explicou Wilde unhas horas antes cando lle propuxo ese lugar de encontro. «Espazos que se baleiran de madrugada», terminou el, antes de enviarlle unha última mensaxe só cuns puntos suspensivos.

Unha invitación así non se pode rexeitar.

Lara séntese cada vez máis atrapada polo magnetismo do rapaz, polo seu misterio. «É listo. Sabe que eu non aceptaría quedar nun sitio menos público sen coñecelo».

Ela ten que admitir, ademais, que non todo o mundo é quen de vender como algo romántico unha cita nun McDonald's, aínda tendo un toque de presunta cafetería como ten ese. Si, Wilde é listo.

Lara non deixa de preguntarse, por outra parte, que posibilidades reais hai de que un rapaz tan interesante,

tan culto, tan ocorrente... estea bo e non sexa homosexual.

—Abondas como para estar disposta a comprobalo.

Acaba de falar en voz alta. Soa. Afortunadamente, ninguén arredor dela pareceu decatarse.

O problema de lugares coma aquel, quéixase Lara en silencio, é que volven invisibles as persoas. E máis nunha estación, claro. Alí todo o mundo está máis pendente das súas maletas ca da xente. Aínda así, Lara séntese observada; a súa mirada cruza coa doutros mozos, malia que ninguén fai ademán de recoñecela. Será Wilde algún deles? Entre tantos descoñecidos de diferentes razas, idades e aspectos, é imposible chamar a atención, e agora ela vese incapaz de distinguir algún perfil que encaixe coa idea que se fixo, despois de tantas horas de mensaxes e chats, do seu compañeiro virtual.

E se el xa está alí, espreitándoa? Grazas ao seu anonimato podería atoparse ao seu lado e Lara nin se decataría. Wilde xoga con vantaxe nesa cita ás cegas; sabe como é ela, tivo a oportunidade de ver as súas fotos en Twitter. Está en condicións de identificala. En cambio, o perfil de Wilde na rede o único que amosa é unha paisaxe de montaña e nunca publicou fotos súas. Por iso, Lara só conta coa lembranza das longas conversas que mantiveron cada madrugada para imaxinar a súa figura, o seu rostro, as súas mans. Poida que non sexa un material moi fiable para deseñar rapaces.

Definitivamente, non o é.

Os nervios cómena. Remóvese no asento e consulta a hora no móbil: faltan cinco minutos para as oito e media, hora na que quedaran.

As oito e media do venres trinta de xuño.

Só Berta, a súa mellor amiga e cómplice de tantas aventuras, sabe desa cita que os seus pais xamais autorizarían. De feito, as dúas pactaron que Lara lle vai facer unha chamada perdida ás nove para confirmar que todo vai ben.

Os minutos seguen pasando. Queda moi pouco. Nese momento, a Lara asáltaa a Gran Dúbida: debería marchar antes de que sexa demasiado tarde? Foi unha boa idea dar ese paso, despois de dous meses limitándose a falar con el a través da rede? Non tería que esixir algunha garantía máis antes daquel avance?

A súa mente, propensa ao drama, concibe terribles avatares de Wilde: un vello pederasta que estira os dedos artríticos cara a ela mentres se relambe; un psicópata que afía o coitelo co que adoita despezar adolescentes; o líder dunha seita que busca carne fresca para sacrificar en rituais satánicos; un violador compulsivo (moi compulsivo)...

Ou un tímido patolóxico, deses que non abren a boca cando chega o momento do encontro en persoa.

Todas esas posibilidades case lle parecen mellores que unha última que nin se atreve a ter en conta: e se aparece o seu ex? Á parte de Berta, Lara non lle contou a ninguén o plan desa noite, pero Jordi é capaz de sabelo. Sobre todo porque algúns dos chíos que publicou ela durante os últimos días deixan intuír a súa conexión con Wilde. Xa lle pesou ser tan pouco prudente.

Si, Jordi puido sabelo. Apenas hai tres meses que cortaron e el lévao tan mal que ameazou con suicidarse

se Lara comeza a saír con outro. Un farol? Non hai maneira de sabelo. Por se acaso, ela denunciou na policía o acoso ao que a está sometendo. Porén, ao non haber perigo directo para Lara, o único que conseguiu é que o seu aviso quedase rexistrado. Tampouco hai moito máis que se poida facer: unha orde de afastamento quizais protexa a vítima do acoso, pero non lle impide a un suicida acabar coa súa propia vida.

Lara séntese cansada. Quere superar esa ruptura, apartarse dunha vez de Jordi. Por iso se agarra con tanta forza á salvación que supón a aparición de alguén coma Wilde.

Non se arrepiñe de terminar co seu ex; ao contrario: esa relación é historia e non está disposta a someterse á súa chantaxe de perdedor. Precisamente por iso está agora alí, acudindo a unha cita con outro rapaz, para demostrarse a si mesma que é libre. E disposta a empezar de novo. A pasar a páxina.

«Non», procura calmarse. «É imposible que Jordi apareza. Non coñece nin o lugar nin a hora á que quedamos, nin sequera vive cerca de Sants». Aínda que os outros candidatos imaxinados para esa cita ás cegas non son tan improbables...

A súa amiga Berta si sería quen de enfrontarse a todas esas ameazas, incluído Jordi. É forte, imperiosa, mesmo agresiva cando a situación o require. Oxalá estivese con ela.

Lara, farta da súa incerteza, está a piques de botar a correr. Téntaa confundirse entre todas esas figuras que abesulla a través do cristal desde a súa posición, siluetas con pinta de pasaxeiros de AVE que se perden coa súa

equipaxe cara ao vestíbulo da estación. Intenta resistir ese impulso, fórzase a recuperar a tranquilidade. «Non sexas ridícula», pensa. «Non fuxas. Ningún deses perfís perigosos que acabas de imaxinar diría de quedar aquí».

Ou iso quere crer.

Dous minutos. Dentro duns segundos nin sequera terá xa a posibilidade de eludir o encontro. Ou se ergue e desaparece ou...

Lara non se move. Imposible. Malia o risco, non vai escapar sen escoitar por fin a voz de Wilde, sen se enfrontar á súa mirada eterna.

«Mirada eterna».

Lara volveuse deixar levar por unha ensoñación romántica. Como puido elixir ese adxectivo no medio dunha contorna tan cotrosa?

Só as hamburguesas son eternas nun McDonalds grazas a unha composición química, que é mellor ignorar.

A conta atrás continúa e o fluxo de persoas que vai e vén nas inmediacións da súa mesa segue medrando.

Wilde podería ser calquera.

Lara imaxínoa entrando na estación con paso firme, levando na man o libro que pactaran para se dar a coñecer: *Carta de una desconocida*, unha das súas historias favoritas.

Un minuto.

Wilde ten que estar a piques de aparecer.

«Marcha agora, que aínda estás a tempo», murmúralle unha voz na súa conciencia, que se vai apagando conforme gaña nitidez a imaxe idealizada do rapaz.

Pero Lara deixou atrás o punto sen volta. Para ela, nese instante, a peor ameaza é que el non acuda á cita.

Esperará.

Necesita coñecer, por fin, o seu enigmático compañeiro das madrugadas.